

<i>Dependencia</i> CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIRZI0UG	<i>Expediente</i> CIR/530/2015	<i>Fecha</i>

13-04-15 13:05

Asunto

TARXETAS DE PASO E PARADA DO CASCO
HISTORICO

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

% MOBILIDADE
E CIRCULACIÓN
CASCO HISTORICO SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

DECRETO.- Santiago de Compostela, 13 de abril de 2015


I.- A Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, con esta data, emite o seguinte informe:

A Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, aprobada por acordo do Pleno da Corporación de 30 de marzo de 2006, publicada no BOP da Coruña o 22 de maio do mesmo ano, dispón no seu artigo 17, a prevalencia do uso peonil e a protección do patrimonio histórico sobre a circulación viaria e o estacionamento de vehículos:

Con carácter xeral, nas rúas do casco histórico, incluídas dentro do ámbito do Plan especial de rehabilitación e conservación do casco histórico, prevalecerán os usos peonís e a protección do patrimonio sobre a súa utilización como vías de circulación e estacionamento de vehículos: Neste sentido defínese como peonil o recinto situado no interior do circuito formado polas rúas da Senra, Fonte de Santo Antonio, Mazarelos, praza da Universidade, travesa da Universidade, Ensinanza, Virxe da Cerca, Porta do Camiño, Rodas, Hospitaliño, Xasmíns (primeiro tramo), Costa Nova (primeiro tramo), Xoán XXIII, Costa de San Francisco, Carretas, Trindade, Rodrigo de Padrón, avenida de Figueroa, Porta Faxeira e Campo da Estrela.

En atención ás limitacións da circulación e do estacionamento establécense varios niveis, as vías de circulación prohibida, no artigo 18, que son aquelas rúas ou prazas nas que non se permite o paso de vehículos, polo seu ancho, por razóns histórico-artísticas ou por mor da seguridade vial, sendo estas vías e prazas as seguintes:

- Altamira, travesía de
- Antonio Raimundo Ibáñez, avenida de
- Bautizados, rúa dos
- Caldeirería, rúa da
- Entrecercas, ruela da
- Entremurallas, rúa de
- Entremuros, rúa de
- Figueroa, avenida de (entre a Senra e a Porta Faxeira)
- Fuenterrabía, rúa de
- Gramáticos, tránsito dos
- Luís Legaz Lacambra, avenida. de
- Obradoiro, praza do
- Peso, ruela do



<i>Dependencia</i> CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIRZIOUG	<i>Expediente</i> CIR/530/2015	<i>Fecha</i>

13-04-15 13:05

- Pontevedra, avenida de
- Porta da Mámoa
- Quintana, praza da
- Raxoi, avenida de
- Santo Domingo de la Calzada, rúa de
- Troia, rúa da (último tramo cara á Acibechería)
- Xerusalén, ruela de

Asemade, o artigo seguinte establece a prohibición de circulación aínda que, neste caso, con suxeición a un horario preestablecido, nestas vías permítese a circulación somentes en determinados periodos do día:

Prohíbese a circulación de vehículos todos os días entre as 24.00 e as 7.00 horas e entre as 10,30 e as 24.00 horas polo interior do recinto que cinguen as seguintes rúas: Senra, praza de Galicia, Fonte de San Antonio, Mazarelos, praza da Universidade, travesa da Universidade, rampla da Praza de Abastos, Ensinanza, Virxe da Cerca, Porta do Camiño, Rodas, Hospitaliño, Xasmíns (primeiro tramo), Costa Nova, avenida de Xoán XXIII, costa de San Francisco, Carretas, Trindade, Rodrigo de Padrón, avenida de Figueroa e Porta Faxeira, agás nas rúas de San Fiz, Ameas, Santo Agostiño, travesa de Santo Agostiño, Pescadería Vella, praza de Irmán Gómez e rúa da Oliveira, que se rexerán polo disposto para carga e descarga e pola ORA, e que comprende, entre outras, as seguintes rúas e prazas:


a) Cantón do Toural, praza do Toural, rúa do Vilar, praza de Praterías, Porta Faxeira, rúa do Franco, rúa do Preguntoiro e de Xelmírez.

b) Rúa da Algalia de Abaixo, dos Truques, rúa e praciña da Algalia de Arriba, rúa das Casas Reais, praza de Salvador Parga, ruela das Ánimas, rúa e praza de San Miguel dos Agros, rúa da Fonte de San Miguel, rúa de Santa Cristina, rúa e praza da Atalaia, rúa e praza de San Martiño Pinario, rúa da Troia, ruela de Xerusalén, rúa da Acibechería, praza de Cervantes, rúa e praza de Santo Agostiño, rúa e cantón de San Bleito e rúa do Curro da Parra.

c) Rúa do Cardeal Payá, rúa de Tras Salomé, rúa das Orfas, rúa Nova, rúa de Xelmírez, Fonseca, praza das Praterías, travesa de Xelmírez, rúa da Conga, rúa da Fonte Sequelo, praza de Feixó, rúa Travesa, rúa de San Paio de Antealtares, vía Sacra, rúa da Porta da Pena, rúa da Fonte de San Miguel, rúa de Abril Ares, rúa das Campás de San Xoán (Moeda Vella), praza da Inmaculada, tránsito da Quintana, travesa das Dúas Portas e rúa de San Francisco.

En consecuencia, dende as 7,00 horas ata as 10:30 horas pode accederse a estas rúas, cumprindo as determinacións previas legal e regulamentariamente para as zonas de carga e descarga e a ORA.

Fora deste horario, e decir, dende as 10:30 horas ata as 24:00 horas, o Concello ten regulado o acceso á zona histórica a traves de distintas rúas mediante un sistema de bolardos móbiles que poden desactivarse, para poder acceder e realizar unha parada ou saír do ámbito, mediante unhas tarxetas magnéticas, que os interesados poden obter, se previamente xustifican o cumprimento dunha serie de requisitos, para facilitar ós residentes ou ben a aquelas persoas que teñen negocios no ámbito para carga ou descarga de mercadorías e as persoas con algún tipo de dificultade na súa mobilidade.



<i>Dependencia</i> CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIRZI0UG	<i>Expediente</i> CIR/530/2015	<i>Fecha</i>

13-04-15 13:05

Así o parágrafo terceiro do artigo 19 da Ordenanza establece esta posibilidade ó determinar que:

As persoas que por razón de enfermidade ou minusvalía física e os vehículos que precisen achegarse a estas áreas fóra do horario ou en condicións diferentes das establecidas, débena solicitar por escrito ou directamente, en horario de oficina, no departamento de Tráfico que, logo das comprobacións oportunas, poderá autorizalo previa comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

Os requisitos que se estima deben cumprir ós interesados que pretenden obter estes distintivos son os seguintes:

- Estar empadronados no domicilio no ámbito que comprende a prohibición. No suposto de que a solicitude se plantexe, non por residencia senon por motivos comerciais, ó dispoñer dun establecemento mercantil, deberán presentar a copia da licenza de apertura ou a comunicación previa.

En todo caso, os distintivos somentes permiten a realización dunha parada, nos termos do que establece o artigo 31 da meritada Ordenanza, que supón a detención dun vehículo con obxecto de tomar ou deixar persoas ou de cargar ou descargar mercadorías durante un tempo que non exceda de dous minutos e sen que o conductor abandone o vehículo.

Os distintivos son diferentes en canto á seu cor dependendo das rúas a través das que se accede, así por exemplo, Algalia de Abaixo e azul, San Fiz e bermello, etc.


Evidentemente estas limitacións ou prohibicións non afectan ós servizos de emerxencia, ambulancias, coches policiais, bombeiros, en actos de servizo ou vehículos autorizados por outras circunstancias de interese xeral.

Asemade, a norma, no seu artigo 35.2, limita o estacionamento de vehículos nas rúas incluídas no perímetro peonil; agás ós residentes que poderán acceder entre as 20:30 as 8:30 horas en días laborable, nos meses de setembro a maio, e entre as 21.30 e 8.30, nos meses de xuño, xullo e agosto, e ata as 10.30 horas en festivos.

Os residentes poderán aparcar o seu vehículo nunha das zonas sinaladas para facelo nas seguintes rúas e prazas: praza de San Miguel dos Agros, praza da Inmaculada, de Salvador Parga, de Cervantes, rúa Travesa, rúa de Entremuros, avenida de Raxoi e Algalia de Abaixo.

Para poder dispoñer desta posibilidade os residentes teñen que obter un distintivo que facilita este departamento de mobilidade e seguridade, nos que se idenfica os puntos de entrada e saída. Para poder optar ó distintivo, as persoas físicas que o soliciten deberán acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o seu domicilio segundo o padrón municipal de habitantes estea dentro da zona peonil.
- b) Que acrediten a titularidade do vehículo mediante permiso de circulación e o DNI, dos que deberá presentar orixinal ou copia compulsada e entregar fotocopia.
- c) Que acrediten estar ó corrente do pagamento do imposto de vehículos de tracción mecánica no Concello de Santiago.



<i>Dependencia</i> CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIRZI0UG	<i>Expediente</i> CIR/530/2015	<i>Fecha</i>

13-04-15 13:05

d) Non ter pendentes de pagamento multas de tráfico por resolución firme deste Concello.

Recolle este artigo 35 unha cláusula residual para todas aquelas persoas que por razóns de enfermidade ou minusvalía e outros cidadáns que con motivos xustificados precisen acceder a esta zona fóra do horario ou en condicións diferentes das establecidas, deberán solicita e unha vez comprobadas as circunstancias que concurren podería autorizarse con carácter excepcional, expedindo o distintivo acreditativo.

Nestas circunstancias se atopan tamén aqueles residentes ou propietarios de establecementos que precisan acceder á zona de San Clemente e rúas Trinidad e Raxoi, xa que ó único acceso posible a estas rúas e a través da explanada diante do acceso ó aparcamento público na rúa San Clemente, que non está regulado mediante bolardos móbiles. Polo que os cidadáns que acrediten o empadronamento nestas rúas ou sexan titulares dunha actividade que se desenvolve nas mesmas, coa debida autorización municipal, poderán obter unha tarxeta que os autorice a acceder e parar nestas rúas, coas condicións que establece o artigo 31 da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública.


A vista do exposto, e de conformidade coas determinacións da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, procede, que polo Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade se expidan os correspondentes distintivos que autorizan nos supostos previstos na norma e previa comprobación do cumprimento dos requisitos, o paso e parada á cidade histórica, polos accesos regulados e o estacionamento de residentes nas rúas e prazas, co horario que tamén se contempla na meritada Ordenanza.

II Ao abeiro do disposto no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/85 de RBRL na redacción dada pola Lei 57/2003 de medidas para a modernación do goberno local e a Lei 4/2004 do 28 de xuño do Parlamento de Galicia, que establece no seu artigo 1 a aplicación ó Concello de Santiago do disposto na lexislación estatal, anteriormente sinalada, o Alcalde é competente para dictar a resolución que se interesa. Asemade, de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/85 na redacción dada pola Lei 57/03, por acordo de 9 de xullo de 2014, o Alcalde delega no concelleiro que asina a competencia que se interesa

Visto o exposto nos parágrafos anteriores; así como na Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local modificada polas Lei 11/99 do 21 de abril e na Lei 57/2003 de 16 de decembro de medidas para a modernación do goberno local e demais normativa de aplicación, especialmente o disposto na Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e as Ordenanzas Municipais de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública e Convivencia, Resíduos e Limpeza Viarúa.

RESOLVO:

AUTORIZAR a expedición dos correspondentes distintivos, nos supostos previstos na Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública, previa comprobación do cumprimento dos requisitos, que permiten; o paso e parada á cidade histórica, polos accesos regulados e; o estacionamento de residentes, nas rúas e prazas, co horario que tamén se contempla na meritada norma, nos termos do que se fai constar no informe da Xefatura de Servizo transcrito nesta resolución.



<i>Dependencia</i> CIR.- Servizo de Circulación e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIRZI0UG	<i>Expediente</i> CIR/530/2015	<i>Fecha</i>

13-04-15 13:05

Non procede a notificación individual deste acordo, ó estar dirixido a unha pluralidade indeterminada de interesados, polo que se procederá a súa publicación no BOP e na páxina web do Concello, santiagodecompostela.org

Notifíquese o presente decreto ós demais negociados, seccións e servizos correspondentes.

O CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁ

Alejandro Sánchez-Brunete Varela

